



ASOCIACIÓN
GALEGA
CARPINTERÍA
RIBEIRA



XII XORNADAS DE CONSTRUCCIÓN NAVAL EN MADEIRA

UN MAR DE MADEIRA: SINGRADURAS PENDENTES

SUBVENCIONA:



COLABORAN:



CONCELLO
DE CERVO



ARTESANÍA
DE GALICIA



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

ORGANIZA:




CASA CONSISTORIAL - PLANTA BAIXA

15930 BOIRO (A CORUÑA)

Teléfono: 981 84 29 83

Fax: 981 83 29 83

agalcari@agalcari.es - www.agalcari.es



**XII XORNADAS
DE CONSTRUCCIÓN
NAVAL EN MADEIRA**
**UN MAR DE MADEIRA:
SINGRADURAS PENDENTES**

San Ciprián (Cervo)
11 NOVEMBRO 2023

OBXECTIVOS

Sinopse.

A carpintaría de ribeira é unha actividade artesanal de alto compoñente tradicional, baseada no coñecemento empírico do entorno e o uso dos recursos naturais dispoñibles. Isto faina portadora dunha profunda sabedoría popular, elemento clave da identidade colectiva dos pobos e transmisora dun valioso patrimonio cultural inmaterial e etnográfico. Ademais, é unha actividade económica con pleno sentido produtivo e comercial, que contribúe o desenvolvemento socioeconómico dos seus núcleos de asentamento e, por extensión da economía rexional e nacional.

Estas xornadas, baixo o título **SINGRADURAS PENDENTES**, pretenden virar o rumbo que leva á alertar sobre a decadencia da actividade da carpintaría de ribeira. Nun contexto xeral onde os oficios artesanais teñen dificultades para manterse nun mundo globalizado, a construcción naval en madeira en Galicia vai camiño da súa total desaparición como actividade económica. Porén, temos capacidade para virar ese rumbo e aproveitar as oportunidades que a sensibilidade que está a agromar na sociedade de cara a reverter os efectos do cambio climático de orixe antrópica mediante novas políticas sostíbeis dende o punto de vista medioambiental e de economía circular.

Resulta paradoxo que esta arela da sociedade, que está a callar noutros sectores produtivos e mesmo nos marcos xerais da política medioambiental europea, non teña reflexo na construcción naval en madeira en Galicia, onde o 90% da frota pesqueira está composta por unidades de pequena eslora, nicho de traballo dos carpinteiros de ribeira. Como ten reivindicado AGALCARI, a madeira debería ser o material de referencia neste segmento de frota, pola súa baixa pegada de carbono en comparación co resto dos materiais utilizados (aluminio ou fibra de vidro).

Emporiso a análise e reivindicacións feitas por AGALCARI no ano 2007* seguen a ser plenamente vixentes.

As Xornadas **SINGRADURAS PENDENTES** a celebrar en San Cibrao, revisarán estas reivindicacións co gallo de achegar unha folla de ruta, un novo rumbo á Construcción Naval en

Madeira en Galicia que permita proxectar nun futuro más sostíbel esta actividade. Unhas singraduras que precisarán tamén dun diálogo coas administracións que permita reorientar as políticas e as normativas para conseguir levar a bo porto o reto de dotar a Galicia dun sector pesqueiro e de lecer con embarcacións aliñadas coas reivindicacións da sociedade no tocante ao dereito e obriga de preservar os ecosistemas do noso Planeta para garantir un futuro ás vindaeras xeracións.

Dada a dimensión e situación do sector, todas estas accións deberán ser fortemente apoiadas e tuteladas pola administración, para poñer en marcha os mecanismos correctores das normativas que lle afectan e que supoñen un freo para o despegue desta actividade.

*

1. Actualización do regulamento de embarcacións de madeira (desenvolvemento dun regulamento de uso e dun regulamento técnico da C.R.).
2. Constitución da marca "Carpintaría da Ribeira Galega".
3. Apoio e incentivos aos armadores que aposten por construír en madeira.
4. Plan de formación da carpintería de ribeira.
5. Promoción e difusión da C.R.
6. Realización dun plan estratéxico de I+d+i.
7. Posta en marcha dun servizo de vixilancia tecnolóxica.

PROGRAMA

10:00 Acto de inauguración das xornadas a cargo do Conselleiro do Mar, D. Alfonso Villares Bermúdez. Intervirán tamén a Alcaldesa de Cervo, Dona Dolores García Caramés e o presidente de Agalcari, D. Ramón Collazo Mosquera.

10:30 A historia da carpintaría de ribeira en San Ciprián Francisco Fra Rico (mestre carpinteiro de ribeira).

10:50 Presentación do "Manual de novas técnicas combinadas na carpintaría de ribeira" Alfredo C. Lagos Abarzuza (Estaleiros Lagos) e José Garrido Fernández (Estaleiros Garrido).

PROGRAMA

11:05 Presentación do libro "O saber inmaterial dos carpinteiros de ribeira" J. Gerardo Triñanes Fernández (Estaleiros Triñanes).

11:20 Presentación do Festival Marítimo de Pasaia. Erme Pedroso (membro de Albaola).

11:30 Pausa café

12:00 "Oportunidades da Formación Profesional na supervivencia da carpintaría de ribeira" José Antonio Pose Rodríguez (profesor de teoría de carpintaría no CIFP Politécnico de Santiago); Luis Manuel Beceiro Rodríguez e Juan Luis Santalla Felgueiras (Técnicos de carpintaría no CIFP Ferrolterra).

12:30 "Declaración dos saberes de carpintaría de ribeira ben de interese cultural: 4 anos de frustración ou de esperanza?" Lino Lema Bouzas (xefe de servizo na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ata a súa xubilación, autor do libro "Onde Galicia é Mar" e membro do padroado do Museo do Pobo Galego, do que é tesoureiro).

13:00 "Regulamento de buques históricos e certificado de cumprimento" Juan Andrés Pérez Pérez (Enxeñeiro naval e Capitán Marítimo de Vilagarcía de Arousa) e Gonzalo Guillén Espejo-Saavedra (Enxeñeiro naval e Capitán Marítimo da Coruña).

13:30 Mesa Redonda, con todos os relatores

14:00 Acto de Clausura a cargo da Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Dona Susana Rodríguez Carballo. Intervirán tamén a Alcaldesa de Cervo e o presidente de Agalcari.

Moderador:

Pablo Carrera López (biólogo e membro de Culturmar).

Coordinadores das xornadas:

Gerardo Triñanes Fernández (mestre carpinteiro de ribeira). Manuela Places Fungueiriño (Agalcari).